

zooom

**[prosa
2001-2007]**

ZOOOOM

Levas un pedazo de tempo con esta páxina entre as mans.

Non sabes que facer con ela.

Ergues. Volves sentar. Fregas as mans. Unha chamada de móbil para facer tempo. Cunha man termas da cabeza e tamborilas cos dedos no rostro.

Por fin, achégaste. Á páxina. O ollo da súa pechadura faise grande. Máis. Enorme. A túa luz fica atrapada. Colapsas coma unha estrela de neutróns.

Cun pouco de vertixe, xa estás do outro lado.

O outro lado, coma todos os *outroslados*, presenta escuro. Acendes un misto.

Semella a cabina dunha nave.

Unha criatura mecánica aparece pola dereita. Unha criatura mecánica aparece pola esquerda. Negras. Case indistinguíbeis. Comezan a bailar. Ficas absorto. Desexas seguir lendo?

O baile é lento, torpe, complicado. Non fan ruído ningún. Son máquinas silenciosas, que non dan problemas. Levitan coma chatarra nun desguace. Están ocas.

Comezan a se arrincaren as placas de titanio a dentadas. Unha a outra. Non semellan furiosas, senón obedientes. Baixo as placas de titanio vemos [eu estou contigo e acendemos outro misto] traxes de kevlar, moi axustado, moi branco. Alta tecnoloxía da que os humanos levaron ao espazo. Unha das autómatas tira dunha discreta cremalleira no traxe da súa compañeira. Esta repite o xesto nela. Nin unha virxe despojaría do seu saial con tanta entrega. O kevlar branco dá contra o chan e deixa ao descuberto dous corpos de muller envoltos en gasa.

A muller, á que chamaremos muller A, toma entre os seus dedos de carne o extremo da gasa da muller B. Tira. A muller B xira. Xira dentro da gasa e a gasa cae en capas. Renxe dun xeito

imperceptíbel, como renxería unha crisálida que desfai entre os dedos dun neno. A gasa desmáíase no chan e ...

A gasa desmáíase no chan e albiscamos [**eu estou contigo e dámonos a man**] o corpo da muller B cunha camiseta pálida "CK" e uns vaqueiros. A muller B toma á súa vez o extremo da gasa da muller A. Pola contra, non a fai xirar con delicadeza. Ráchaa. Ela si, ela semella furiosa. A gasa rompe cun salaio humano e debaixo asoma a punta dunha burka. A burka é azul, azul afgán. A muller A saca as mans baixo a súa burka e desabrocha os vaqueiros da muller B.

Faino cunha ansia que a entorpece.

Os vaqueiros deslizan polas pernas como auga xabonosa. Unha vez que aclara, xa non hai vaqueiros senón un anaco de saia estampada e un mandil. Miramos [**dos dous, ti sostés o misto**] o busto da muller. Non veste a camiseta pálida co nome dun deseñador de moda no peito. Agora vai envolta nun pano, ata a cabeza. O seu contorno é preciso, coma se tallado en madeira. Advertimos que carece de brazos e que sorrí sempre. En efecto, é de madeira. Pintada. É unha matrioshka. Só pode mover abaneando, lémbra-nos a unha pedra inmensa que viviu en Muxía e foi rota de tanto usala.

A matrioshka abala. Golpea a muller da burka. A burka descose e cae e debaixo fica á intemperie unha geisha diminuta cos beizos moi vermellos. No kimono de seda garda un instrumento musical que soa sen descanso. O instrumento pínzase cuns dedais de metal, moi dorosos na carne. A geisha pinza a cintura da matrioshka. A súa madeira ábrese. Dentro dela axexa un home nu.

A geisha ceiba un chío de consternación.

Como que un home nu?

O home nu sae da casca rota da matrioshka. Ademais de nu, vai empapado. Porta un arco e unhas frechas no lombo. É cazador.

Tamén é espléndido. Espléndido e alto, opóndose ao horizonte con teima.

Dispara ao corazón da geisha. Pero a geisha non ten corazón. A frecha só atravesa o seu peito esgazando a seda do kimono cun

estrondo microscópico. O kimono abate sobre o chan como unha morea de follas durante a sarabia.

I é que dentro do kimono da geisha había outra muller.

Unha muller negra, chea de colares de contas que realzan un colo xa ergueito. A muller brinca. Finxe fuxir do home. Enredan nun torbeliño de eras e vestiarios. O home búscala tras un abano de plumas de Versailles. A muller finxe agocharse nun corsé mentres retén o alento. O home colle uns lentes moi toscos e observa con usura. A muller roda dentro dun miriñaque. O home dispara unha segunda frecha. A muller atrápaa no aire.

O misto que tes entre os dedos apaga, queimándote...

Acendes un terceiro misto.

A muller está pintando as paredes dunha caverna coa punta da frecha mollada en sangue. Pinta un cabalo e monta no cabalo. Trota núa, estilo Lady Godiva. Na caverna, o home pinta unha canoa e un río, e persegue á muller núa que cabalga. Xa non dispara frechas, senón símbolos fonéticos. Ideogramas chinos. Xeroglíficos. A muller ri. O home ri.

O home arrinca unha folla. Por pudor. A muller ruboriza. Detén o cabalo baixo unha árbore.

O misto que teño entre os dedos apaga, queimándome...

[...]

Acendo o derradeiro misto.

A árbore xa non é árbore. Agora é unha vértebra de balea. Agora é unha columna de cristal cego. Agora é unha interminábel restra de números. Agora é unha nave que zarpa.

Dentro da nave, as criaturas mecánicas do principio desta historia volven despezar de novo, iniciando un baile que será diferente de cada vez. As placas de titanio caerán ao chan, sen ruído. As autómatas perseguíranse cos ollos hipnotizados e a boca chea de sílabas. De novo caerán túnicas, cables, sudarios, camisóns e saias de liño. *Unha metamorfose do xeito milenario de nos espir.* De novo

aparecerá de súpeto un ser nu, home ou muller nus. E a persecución será un xoguete implacábel que anunciará o roce e os dentes.

E acenderemos mistos de *voyeur* protexidos na penumbra.

E queimarannos os dedos e as meniñas dos ollos.

E os novelos serán carne, e os ideogramas chinos camiñarán coa punta dun torturado pe, e as peles de oso, os sombreiros de réptil, os corpiños de veludo, as garabatas, os tacóns perpetuos, o algodón, os humildes sintéticos que fan suor e véndense en mercados baratos, os traxes de vinilo e kevlar e mylar, as hormonas condensadas na suor e todo o que marca e doe e distingue e veste e desveste e fai arfar... todo será carne.

E o seu reino de desexo e de puntos suspensivos
ese reino

[na escuridade tamén ti procurarasme]

non

non terá fin

FIN

*texto por encarga da revista Tempos Novos, publicado en xuño de
2007*

Bein ere ez dena, izaten al da

Había unha vez no mundo un ser que lía as páxinas dun libro que outro ser escribía.

A medida que o segundo ser escribía

o primeiro, lía.

E tal era a súa fala.

Non había neles reprodución. Nin tacto. As palabras que saían da cabeza do segundo chegaban ás do primeiro, pero o primeiro non as repetiría nunca. Nunca na súa vida. Nunca no mundo.

Quizais fose do revés: e as palabras que o segundo escribía fosen creadas primeiro polo ser que lía.

A verdade, é algo que queda tan lonxe que ninguén pode xa imaxinar cómo argallarían. Cando pregunto aos máis vellos, sempre me saen cantando algunha canciónciña absurda.

O primeiro escribía; o segundo, lía.

O primeiro lía; o segundo, escribía.

Ta ta tara tara taralalai

Temos tantas cousas na cabeza que non se poden dicir. Nin saber debaixo de qué pedra foron achadas. Eu mesma ignoro ónde atopei esta frase: *outro ser abriu os ollos nos meus ollos*, pero lembro vagamente estreitala contra min para botar un ardor que en min comía. Tal vez minto.

Todo o que damos por suposto é, no fondo, impredecible.

Aquí pensas que está escribindo alguén. Pensas que es ti quen le. Pero agora deixo un espacio en branco e durante un tempo – que pode ser moito, que pode ser pouco- serei eu quen lea o que ti aínda non escribiches.

Xa está.

Acabo de ler o que aínda non escribiches e debo dicirche que *o teu texto é precioso anque me ruborizara un pouco*. Cambiamos os papeis. Supoño que é a túa voz a que sinto agora por debaixo das miñas glándulas. Desde dentro dos meus ósos, desde a súa cana ríxida, náceme o fragor que ti inoculas. Ti, a morfina que me alivia. O sangue renovado. Ti, a miña hormona.

O que nunca é, pode ser. Así dixeran cando vella



O seu papel no mundo era escribir o que o outro fora lendo antes, de vagariño.
E así vivían eses dous seres. Atados como con fíos de tendóns á mesma masa de ceo, ao mesmo horror, á mesma historia. Así da boca dun, o outro collía as palabras vivas e intentaba facer con elas un ser novo.

Un ser novo que respirase entre os dous.
Non sei se esta folla valería.

para K

todo

De acordo, contaréivolo todo.

Quixen calar, quixen evadirme. Pero con vós non se pode. Turrades de min, asaltádesme pola noite cando creo estar quedando durmida. Non tendes corazón.

Se me quedo á metade da historia cortaredes a metade do meu corpo. Se minto, mentirédesme a min (e abrirei esa porta que, dicides, conduce á liberdade e caerei nun precipicio enorme sen fondo nin fin). Se escribo de máis, esquecerédesme de máis. É como unha lei cósmica.

Así que só me queda contárvolo todo ou contárvolo todo.

Pero eu non son boa contándoo todo. Ademais, non é posible. Non se pode contalo todo, é absurdo. ¿Cómo vou contar a redondez da terra se a penas crucei as encostas da Pedrafita? Vivo nun país que se tende como unha muller parindo que levanta as coxas. Entre esas coxas é Pedrafita.

¿Debo intuílo todo tamén? ¿Que queredes saber?

A historia comeza onde uns poucos queren que comece. E acaba onde ninguén espera que acabe. Así é a historia toda que vos podo contar. Porque eu outra non sei nin o tempo dá para saber máis.

A historia comeza nun lugar impreciso do ceo. Desde alí a chuvia empeza a caer. Primeiro suavemente, e vai afortalando a medida que nos adentramos na historia e, aproximadamente nesta liña do texto, a súa furia é xa incontible.

Durante moitos parágrafos que omito, choveu.

E no pobo de cuxo nome podería lembrarme se me esforzase un pouco, as leiras empantanaron e os michos correron ofendidísimos como a quen a lama mesma ofende, e os animais da corte quedaron quietos e en aparencia tranquilos, con esa

cabeza resignada que só teñen os animais perante a bruta natureza.

Dentro da casa, sen embargo, bulían.

A nai bota máis leña na lareira, calculando o frío. O neno anda aquí e acolá collendo moscas coa man e ofrendándolles ás arañas. Hai outra muller que non distingo ben, quizais unha veciña, que fala e ri moito, axudando coa leña.

As tres persoas da casa están vivas canda un lume vivo que os alumea como a seres dun cadro. Son como unha estampa e quero conxelalos así durante un tempo.

Mais non ha chuvia no mundo que dure sempre e esta tamén comeza a amainar. A estampa desfai.

_Se este ano volve caer tanto pedrazo coma o pasado, andamos apañados

É a veciña quen así falou. Leva o pelo recollido dentro dun pano escuro, toda ela vai de escuro, agás unha medalla de ouro pequeniña cunha virxe que leva pendurada arredor do colo.

A muller da casa non di nada. Ficou sentada diante do lume coa vista perdida nas chamas, con esa ollada que se nos perde a nós tamén. Como se houbese algo máis que chamas dentro das chamas. Logo dun pedazo, di:

_Vou depelicar os chícharos, que este terá fame.

Este nin volve a cabeza. Mira pola fiestra os campos torcidos, a igrexa de San Sebastián, as cruces do camposanto. Quieto, sen mover a cabeza. Como un personaxe de papel que te mirase.

-Moi calado estás, rapaz!

A veciña diríxelle ao neno unha ollada cómplice. *Ti e máis eu sabemos.*

O neno xira a cabeza. Non fai caso. Volve mirar pola fiestra.

O mundo é iso. A casa, o campo, o ceo (que ás veces chove), os animais e o camposanto. O mundo abránguese desde unha pequena fiestra nunha casiña minúscula ao pé dun monte. Se quero que desapareza, só teño que pechar os ollos. E abrilos, se quero que volva aparecer. A comida só é caldo, e en ocasións o caldo só é auga un pouco turbia e moi quente. O máis alá queda tan lonxe que os homes teñen que marchar durante moitos días para alcanzalo. Algúns volven e outros non. O máis alá, nesta zona do mundo, chámase Cuba. Tamén Arxentina, tamén Brasil, pero principalmente Cuba.

O neno imaxina Cuba.
Pero non pode.

-¿En Cuba chove así, madre?

-En Cuba chove chocolate, neno, que por iso son todos mulatos
É a veciña a que contesta sempre. A nai remexe nun pote algo que non sei qué é.

Ha de ser o seu silencio.

O neno sorrí. Pensando. El tamén irá a Cuba. Traballará nunha tenda e comerá todo o chocolate que lle deixen. E o que non lle deixen tamén.

E fará cartos. E regresará cun traxe branco e un sombreiro. Para casar. E logo marchará para Coruña, e será un bo comerciante, algo trapalleiro, porque virá a guerra, e fundará os Ultramarinos El Sol e a Champanera Cantábrica, e vivirá nunha casa da rúa Ramón y Cajal. E terá catro fillos.

E todos mudarán para outra casa noviña do trinquete, nunha rúa que van chamar Menéndez Pelayo. Unha casa grande, cunha cociña enorme que acenderá moitas veces, moitas veces, primeiro con carbón, e máis tarde con gas, e un corredor escuro, que agora mesmo estou vendo, cos teitos altos, adornados de molduras e zócalos, e fiestras que dan a unha rúa como de pastiche, algareira, que agora escoito, e a un porto no que descargan o petróleo co que nos lavamos os pés. A casa desde a que escribo estas liñas.

A miña casa.

para miña nai

kosmonaut

Bonito é, o cosmos.

Só fronte ao cosmos. Entre o cosmos. Difícil atopar a preposición exacta.

No cosmos.

Na kosmasie, diría un ruso. Iso pensou. Un ruso sería tan feliz - ¿non celebran eles o Día da Cosmonáutica?-. Con todo o universo diante do cristal do escafandro. Con Todo.

Tamén estaría feliz o director de fotografía de Kubrik. E o señor da Vinci. E o pobre señor Hawking, que non por pobre é máis eminente. Nin menos. E quizais Méliès estaría feliz e movería o mostacho así

cun tic de cine mudo.

Todos felices de ter proxectada na retina a imaxe que el tiña agora. Sen arriba nin abaixo. O tempo todo do mundo, que non sei se é moito, non sei se é pouco, desde que o mundo é mundo.

Así ficaba el. Só.

Pero non é o mesmo ficar só no medio dun cuarto que ficar só no medio dunha leira recién sementada que ficar só no medio do cosmos.

No medio do cosmos arrastra dentro como a imprecisión.

Ademais, perdera as coordenadas había tempo e a súa autonomía significaba a morte.

Porque este home que pendurei no medio e medio desta páxina, vai morrer. Morrer é a razón última de que eu o creara. Pero non é de min de quen veño falar. Esquecín o meu nome. Tamén o do meu cosmonauta. Só adiviño o seu frío, a vertixe cobregueándolle a medula coma unha serpe, a náusea da vertixe que nos sume nun espacio con máis dimensións das tolerables. Pero, mesmo que ás veces eu sinta mágoa del, non pode durarme moito. Eu seguirei sen el.

¿Que pode pensar un home que vai suspendido da pouca materia que existe no espacio? ¿Que pode pensar un home vestido de cremoso branco, con sabor a home e data de

caducidade? Un home que treme coa pequenez dun iogur que cae fóra do envase, comido polos cans.

Pensa. Ou mellor dito, lembra. Que non é o mesmo que razoar, case xusto ao contrario. Había un paseo na cidade da que el viña, o Paseo. Cunha leiteira de bronce. O bronce queimaba nas tardes que se levan a calor e só deixan o bochorno nas terrazas do Paseo. Había un cine que pecharon cando el era neno e mudou o século. Había uns homes que se chamaban a si mesmos Nós. Repentinamente achouse tan só que embazou o cristal todo do escafandro co seu alento e por uns segundos nada viu. E logo, paseniño, volveu ver o sol tan lonxe. Delimitando o círculo da vida que se lle ía.

Quizais no seu cerebro de cosmonauta orbite agora a hormona que segregamos para a morte, pero eu non o sei -nin sequera sei se tal hormona existe. Quizais o que pense sexa só o medo. Pero a mentira é ás veces menos literaria, así que me propoño non mentir.

Non mentir. Escribir que el anda matinando nunha muller. Ilduara. Que a lembra. O seu riso. Movéndose coma un fermoso manequín de xoguete para sacudirse as formigas vivas de Laza, nese lugar do mundo que é Laza, durante algún antroído impreciso. Esas formigas vivas que morden no vivo como para espertalo á vida.

El queredría agora no seu traxe de alta tecnoloxía unha, mesmo que fose só unha, unha minúscula formiga que mordese nel con forza cando a morte o atravesase como unha ficción.

O cosmonauta quixera ter a forza de dicir Nós. E neste momento só acerta a pronunciar con sequidade Eu.

Que misión era a súa?
Non o sei.

A natureza da morte en contextos de ingravidez, iso escribiu con coidadosa letra a man na contracapa do caderno que segue a viaxar dentro da nave. A súa nave. Á deriva.

En dirección contraria a el.

Que tamén vai á deriva.

O seu perfil no mundo estase borrando, xa case nin podo distinguilo. Cústame decidir qué palabra poñer agora acerca del, tanto como afasta de min. Tanto como afasta de min e se achega á Morte, impetuosa coma cousa viva. A morte que mo desdebuxa e faime non saber. Sei que lle queda a penas un pouco osíxeno. Pero máis nada. Sei que ninguén viu o que el ve. Sei que ten ganas de golsar e que non o fai. Sei a temperatura do Sol. A fórmula do dióxido de carbono. Sei que o universo expande i el no medio.

Pero non sei de qué maneira poñelo para que sufra menos e temo ser cruel na súa morte. Temo que non chorarei e seguirei vivindo.

O cosmonauta faime un sinal coa man. Acabo de velo, claramente. Non albisco a expresión do seu rostro porque o cristal do escafandro só reflicte un ceo con estrelas. Creo que me sorrí. Creo que me sorrí porque non quere que o mate.

Eu tamén sorrí. Sorrímos os dous.
É un momento de xardín do Edén.

estíbaliz...espinosa, 2002

*O weiter, stiller Friede,
so tief im Abendrot!
Wie sind wie wandermüde-
ist dies etwa der Tod?*

Joseph vom Eichendorff/ R. Strauss

pan troglodytes

calada, calada

a chimpancé Washoe, xogando ás escondedelas

Parecera coma se uns e outros tiveran evoluído, a este respecto, de forma notablemente paralela, ou ben que nós e mailos chimpancés tivemos un mesmo antecesor, aló na noite dos tempos. Un antecesor que, ademais, comunicábase cos seus semellantes con bicos e abrazos, tocándose, palmeándose e colléndose das mans.

Jane Goodall

Preséntome. Eu son a chimpancé que deixaron soa durante varios anos cunha máquina de escribir e que terminou por escribir a *Ilíada*.

Chámanme Helena, en homenaxe a ese personaxe que creei e que é o meu predilecto. Ao principio de todo este escándalo científico e literario algún gracioso da equipa de investigación quíxome alcumar Romero, por un nonseiqué dun tal Suso de Toro e encantado de que eu fose do outro sexo, non sei con que escuras intencións mercantilistas. Pero ao final gañei eu, coa vella estrataxema de negarme a lles entregar unha segunda parte se non concedían en chamarme Helena, con hache. Helena é a miña predilecta porque é unha salvaxe, coma din que eu son. E unha caprichuda.

Agora non lles sigo contando nada se non me dan un cacahuete.

[lanzo un cacahuete desde o patio de butacas. Con desgana]

Nada máis un? Abofé que son ruís, co que rin comigo!

Eu nacín de pai descoñecido nas selvas do que chaman Guinea. Cando tiña catro anos fun capturada e metida nun caixón a bordo dun barco, onde coñecín ben de cerca a necidade humana e a súa necia lucidez.

Dálle un pouco de ron a esta, que ten cara de lista

Se tivese sido lista seica non estaría aquí. Coma nós

Daquela, que baile

Aprendín rápido. Nas bodegas de carga do barco, onde me deixaban soa días e días para que correse e chiase sen amolar á tripulación, atopei os restos dun [informe](#) que un predecesor meu escribira no século pasado. Era un informe para unha academia, nunca logrei saber cal. Admirei profundamente, coa miña admiración tosca e protohumana –como, seguro, aventuraredes a dicir –, a aquel anónimo irmán meu, perdido coma min no mar maior i en mans daqueles seres que vós sodes. Cando cheguei ao meu destino, no outro lado do océano, eu xa levaba unha idea no meu pequeno cerebro -que é a metade do voso, segundo os vosos propios cálculos- de qué tipo de criatura era aquela que me fixera captivo e me ía monopolizar a vida de alí en diante.

[do patio de butacas levantan catro]

Iso dóevos, claro! Pois para crear máis suspense, antes falareivos un pouco do meu mozo, o Piollento, que me vin forzado a abandonar nas paradisíacas e brandas selvas da Guinea. O Piollento era o máis bárbaro macho que eu coñecera. De mal talante, nunca quería cooperar e negábase a que o espiollasen alzando o seu ben formado cu. Mira que andei tola e enconada tras del, días e máis días, con agasallos propios dun rei: bananas esmagadas, paos engomados para andar aos formigueiros, feromonas quentes no aire. E nada. El, como o Aquiles que logo inventei, máis preocupado en liscar por aí só chorando Patroclos que en deixarse espiollar por min. No meu grupiño eu era espiolladora principal, aínda que non chegara polo momento a femia dominante.

Estiven triste moitísimo tempo. Unha semana ou así. Ata que fun capturada e coa ferida en quente xa non me lembrei moito del, xa que me foi dado investir toda a miña intelixencia –menor ca vosa, segundo os vosos propios baremos- en tratar de desamalloarme e fuxir. Pero en canto subimos ao barco e cheirei a peixe morto, souben que aquilo ía para longo e sentín moita morriña do meu Piollento e tamén do meu grupiño e das

bananas esmagadas con bichos que preparabamos para cear no virxinal verdor das selvas da Guinea.

[no patio de butacas soan os panos do nariz]

Agora seguirei falando de cómo cheguei a terra e cómo, durante varios anos, fun a estrela principal dun circo checo. Cunha coroa nas tempas eu sentaba nun trono e simulaba dar ordes a outros chimpancés que corrían cumprilas coma monos.

Unha noite, sentados entre o público, entrevín aos que converterían nos meus mentores. Fitaban para min como desexosos de coñecerme e saber ata ónde poderían chegar as miñas neuronas baixo o seu protectorado. Así que, da noite para a mañá, pasei do trono de cartón do circo a un laboratorio dunha escura universidade con menos ventanais que salas brancas e máis prestixio que ventanais: Cada vez máis lonxe da miña estirpe animal.

[no patio de butacas hai incómodos rozamentos de cu sobre o asento]

Hai cousa de dous anos resolveron encerrarme durante unha eternidade, soa, cunha *olivetti lettera* e das antigas -das que prenden ao escribir, os moi cabróns-, despois de observar o meu interese polas películas tipo *peplum* e escoitar as críticas que eu improvisara sobre certos autores rebrandecidos como manteiga no seu afán de agradar ás señoras e aos abandonados pola fe relixiosa. A miña obxectividade de simio semelláballes dunha espontaneidade e un acerto tales que moitas das miñas opinións viron a luz en suplementos literarios de prestixiosos xornais. E foron totalmente aceptadas, dado que ninguén sospeitaba de qué minimizados -como cualificaredes vós- miolos saíra aquela restra de palabras.

[algúns reprimen un "oh", no patio de butacas. Outros, non]

E como é que non quero aburriros coa miña historia -e vou famenta-, remato xa. O demais poden imaxinalo. Neses dous anos longos de síndrome de Estocolmo escribín unha historia que a casualidade -ou certas leis inventadas- quixo idéntica á dun ser da vosa especie que viviu hai varios miles de anos, disque. A fame e a soidade a un home anímalizano. A min, humanizáronme. Con elas dúas -fame e soidade- e coa ausencia de Piollentos compuxen a trama dun longo asedio e unha

guerra, semellante en todo ao que eu sentía dentro do meu cranio, conectado con cables á posteridade científica. Posteridade que tomaba a forma dun señor gordo que anotaba cousas nunha libretiña con certa desgana.

O libro publicouse cando eu traballaba –xa adicta aos neurolépticos- nunha segunda parte que chamei *Ulysses* .

[ninguén reprime un “oh” no patio de butacas. A xente ten entrañas cando se sabe manexar ben]

Logo viñeron os premios, as fotos, os seres da vosa especie que querían pasar noite comigo a calquera prezo. Volvín ser a chimpancé sentada no trono.

Pero este trono era de verdade e os meus monos erades vós.

Agora aborrecín desa vida e retireime a vivir a unha bufarda en alugamento. Alí compoño historias que non acabo de rematar completamente. I é que vivo fóra de min, abúlica, sen interese. Planeo unha fuga ata a Guinea, se consigo sortear aos *paparazzi* e aos pesados escandinavos que pretenden honrarme cun premio. A min escribir a *Ilíada* non me valeu de nada. Quero deixar de ser isto que fala e que vós aplaudides.

[Pausa dramática. Entre o público hai un arranque de tímidos aplausos que Helena corta cun glacial aceno de autoridade]

Quero volver a ser animal.

hormonos

*en la cueva
un hombre de alta mira
pinta lo que ve*

Guillermo Espinosa

Cando chega a noite teño medo. Sempre é así.

Teño medo desde sempre, desde que o mundo é mundo teño medo.

Seime frágil. Pero non sei todo o frágil que podo chegar a ser. Por iso levo axexando desde sempre, desde que o mundo é mundo. Axexo.

É unha consecuencia do medo.

Guíome pola comida e polo sexo. Non sei por qué, pero teño unhas ganas terribles de comer e copular, continuamente. Tamén, e porque me sei frágil, preciso da compañía dos que son coma min. Sentilos cerquiña, moi cerquiña, alento con alento, palabra con palabra. Achégome a eles aínda perdendo algo do que son.

Calquera son prodúceme unha vertixe especial. Algúns resultan pracenteiros, coma o son do semellante. Outros terribles, porque non se parecen a nada meu.

Escoito o que din os que son coma min. Constrúome a través deles e constrúo o significado do que din.

Cando miro para fóra sempre hai un algo meu que se insire

Cando teño medo o ritmo é brutal.

Cando teño medo podo ser perigosa incluso para min mesma.

Fascíname o meu corpo.

Fascíname o meu reflexo.

E o riso, porque sentímonos tan lonxe de nós.

E a mentira, porque non se parece a nada.

Pero ante todo fascíname o de fóra. O alampo, o bisonte, os
volcáns.

Fascíname que a miña man teña cinco dedos.

Xusto para levar a conta da miña intelixencia.